



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Universidade de Vigo

MÁSTER UNIVERSITARIO EN CRIMINOLOGÍA

MEMORIA ECONÓMICA

1. Persoal Académico

O mestrado en criminoloxía que se presenta (MUCrim) presenta un carácter interuniversitario, coa participación de dúas universidades do Sistema Universitario Galego (SUG), a Universidade da Coruña (UDC) e a Universidade de Vigo (UVigo). Esta circunstancia dificulta facer unha previsión absolutamente certa do persoal académico do máster. Sen prexuízo diso, no momento presente o persoal académico da UDC e da UVigo comprometido no desenvolvemento e docencia do máster é o que se presenta a continuación.

1.1 PDI da titulación

TÁBOA 1.1:

Proposta de cadro de PDI para a titulación (incluíndo profesorado externo, se é o caso)				
Universidade	Categoría	Total %	Doutores %	Horas %
UDC	Prof. permanente doctor	52,4%	100%	22,2%
UVigo	Prof. permanente doctor	47,6%	100%	18,8%
UDC	Prof. ayudante doctor	40%	100%	13,5%
UVigo	Prof. ayudante doctor	60%	100%	12,5%
UDC	Prof. asociado doctor	33,3%	100%	11,1%
UVigo	Prof. asociado doctor	66,6%	100%	12,5%
UDC	Outros (programas RRHH investigación)	100%	100%	25%

TÁBOA 1.2

Cadro de profesorado dispoñible								
Univers	Categ. académica	Nº	Vinculación coa univ.	Dedicación o título		Nº de Doutores	Nº de Quinquenios	Nº de Sexenios
				Total	Parcial			
UDC	Prof. permanente doctor	11	Permanente	0	11	11	42	34
UVigo	Prof. permanente doctor	10	Permanente	0	10	10	42	26
UDC	Prof. ayudante doctor	2	Temporal	0	2	2		
UVigo	Prof. ayudante doctor	3	Temporal	0	3	3		
UDC	Prof. asociado doctor	1	Temporal	0	1	1		

UVigo	Prof. asociado doctor	2	Temporal	0	2	2		
UDC	Outros (programas RRHH invest.)	1	Temporal	0	1	1		

TÁBOA 1.3:

Cadro de novo profesorado necesario				
Universidade	Categoría	Total %	Doutores %	Horas %

Como pode deducirse dos cadros anteriores, non cabe imaxinar que que haxa necesidade de contratación de novo persoal docente. Tendo en conta os recursos docentes dispoñibles por parte das dúas universidades, así como a carga docente do máster, cabe afirmar que o profesorado dos departamentos e equipos implicados é abondo para asumir as necesidades formativas do título.

1.2 Outros recursos humanos

Outros recursos humanos dispoñibles (PAS: Secretaría, Conserxería, Biblioteca, etc...)				
Categoría	Experiencia no posto (anos)	Tipo de vinculación coa universidade	Dedicación	Antigüidade na universidade
Administrador (UDC)		Funcionarial	Completa	
4 postos base administración (UDC)			Completa	
Xefe negociado (UDC)		Funcionarial	Completa	
Secretario administrativo (UDC)			Completa	
Resp. negociado asuntos económicos (UDC)		Funcionarial	Completa	
Directora biblioteca (UDC)		Funcionarial	Completa	

2 Bibliotecarios/as (UDC)		Funcionarial	Completa	
3 Auxiliares técnicos biblioteca (UDC)			Completa	
1 conserxe (UDC)		Funcionarial	Completa	
3 Auxiliares de servizos (conserxería) (UDC)			Completa	
1 secretaria/o decanato (UDC)			Completa	
Administrador (UVigo)		Funcionarial	Completa	
Negociado de Asuntos Xerais. Secretaria de decanato. (UVigo)		Funcionarial	Completa	
Xefa de área de apoio á xestión de centros e departamentos (UVigo)		Funcionarial	Completa	
2 Xefas de negociado de apoio á xestión de centros e departamentos (UVigo)		Funcionarial	Completa	
Xefa de área de Estudos de Grao (UVigo)		Funcionarial	Completa	
Xefa de negociado de Estudos de Grao (UVigo)		Funcionarial	Completa	
Posto base de Estudos de Grao (UVigo)		Funcionarial	Completa	
Xefa de área de Estudos de Máster e Doutoramento (UVigo)		Funcionarial	Completa	

Xefa de negociado de Estudos de Máster e Doutoramento (UVigo)		Funcionarial	Completa	
Posto base de Estudos de Máster e Doutoramento (UVigo)		Funcionarial	Completa	
Xefa de área económica (UVigo)		Funcionarial	Completa	
Xefa de negociado área económica (UVigo)		Funcionarial	Completa	
1 conserxe (UVigo)		Funcionarial	Completa	
5 Auxiliares de servizos (conserxería) (UVigo)		Laboral	Completa	
Directora de Biblioteca (UVigo)		Funcionarial	Completa	
Subdirectora de Biblioteca (UVigo)		Funcionarial	Completa	

2 Recursos materiais e servizos

2.1 Espazos dispoñibles

En tanto que titulación conxunta, o máster de criminoloxía (MUCrim) contará cos recursos materiais e servizos a disposición dos dous centros implicados –Facultade de Dereito da Coruña e Facultade de Dereito da UVigo, sede Ourense- e os diversos departamentos participantes. Ese catálogo de recursos e servizos é abondo para cubrir as necesidades do profesorado e estudantado do MUCrim, en termos de desenvolvemento das actividades formativas e de adquisición de competencias.

A Facultade de Dereito da UDC conta con 24 aulas de varias dimensións, así como un salón de actos con capacidade para máis de 300 persoas, un salón de grados con 100 asentos e unha biblioteca con 376 postos de estudo. Todas as aulas e salas dispoñen de PC, video proxector e conexión wifi. As aulas nas que se imparten másters contan asemade con pizarras electrónicas. A biblioteca da Facultade ten case 90.000 libros e máis de 700 revistas, ademais de acceso a unha ampla pluralidade de bases de datos, revistas e libros electrónicos. Deste xeito, a biblioteca dispón das principais publicacións periódicas en criminoloxía, tanto españolas como globais. A biblioteca especializada en

criminoloxía, que ten case 8000 libros, está especialmente actualizada. Xunto a iso, a Facultade conta cunha Sala de Vistas de estrutura e aparencia semellante á de calquera xulgado, unha Aula-net con equipos informáticos a disposición do estudantado e tres salas de traballos en grupo. O emprego de todos estes recursos e servizos cumpre os criterios de accesibilidade universal, igualdade de oportunidades e non discriminación, de acordo co disposto na Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

Polo que se refire á docencia virtual, a UDC dispón dunha pluralidade de recursos, sinaladamente un Campus Virtual propio e pleno acceso á plataforma Teams. O emprego destes recursos en entornos de docencia virtual está plenamente consolidado no conxunto do profesorado.

A Facultade de Dereito da UVigo, pola súa banda, conta con 17 aulas para docencia de varias dimensións. Todas as aulas dispoñen de PC, video proxector e conexión wifi, e a meirande parte dispón de pizarra electrónica, para alén de pizarra clásica e sistema de vídeo e audio para docencia online. Xunto a iso, conta con 73 postos con ordenador para o estudantado distribuídos en diferentes aulas e con dous laboratorios de informática, con 15 ordenadores cada un deles. A todo iso cómpre engadir 5 seminarios con capacidade máis reducida, con cadeiras e mesas móbiles. Outros espazos máis versáteis son a aula de videoconferencias (40 postos), a aula magna (204 postos) e o salón de graos (107 postos). Finalmente, espazos destinados ao estudo individual ou grupal son a aula de estudo (140 postos) e a aula de libre acceso (70 postos, con ampla dotación de ordenadores). O emprego de todos estes recursos e servizos cumpre os criterios de accesibilidade universal, igualdade de oportunidades e non discriminación, de acordo co disposto na Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

Grande parte das aulas están dotadas coa tecnoloxía necesaria para impartir a docencia por vía telemática, ben cun modelo puro ou mixto. A UVigo conta cunha plataforma de docencia online propia denominada Campus Remoto, que foi empregada con éxito durante a pandemia e segue sendo utilizada na actualidade para diversas tarefas non presenciais. A plataforma de apoio á docencia propia denomínase Moovi, sobre Moodle. É a empregada de xeito maioritario polo profesorado, tanto en estudos de grao como de posgrao.

No Campus de Ourense existe unha biblioteca central que concentra os fondos bibliográficos de todos os eidos de coñecemento e está situada a escasos 50 m. da Facultade de Dereito. Asemade, son numerosos os recursos electrónicos dos que dispón a biblioteca da UVigo.

Unha presentación máis detallada dos recursos materiais e dos espazos dispoñibles das dous centros de estudo implicados no MUCrim contense nos cadros que se presentan a continuación.

<p style="text-align: center;">TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA- APRENDIZAXE NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA</p>
--

AULA – TIPO PARA DOCENCIA TEÓRICA E PRÁCTICA		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
<p>Espazo dotado de medios docentes. Dispón de postos de traballo individuais</p>	<p>Aula para a docencia teórica, práctica, titorías grupais e traballo autónomo do estudiantado, exames</p>	<p>Entre 50 e 140 estudantes</p>
DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN	Aulas	
Aulas 1A, 1B, 2, 3, 4A, 4B, 5, 6, 7, 8, 9, 19	<p>A capacidade respectiva é: 70, 50, 110, 120, 70, 70, 140, 140, 140, 80, 30, 70.</p> <p>Mesas e cadeiras individuais. Contan con encerado fixo.</p> <p>Ordenador, altofalantes, proxector.</p> <p>Mesa e cadeira para o profesorado, atril.</p> <p>Algunhas destas aulas están dotadas coa tecnoloxía necesaria para impartir docencia por vía telemática, ben cun modelo puro ou mixto (con asistentes na aula física e en remoto).</p> <p>Papeleira, paraugueiro, colgadores para abrigos.</p>	

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA- APRENDIZAXE NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA		
AULA – AULA ALEJANDRINO FERNÁNDEZ BARREIRO		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
<p>Espazo dotado de medios docentes. Dispón de postos de traballo individuais</p>	<p>Aula para a docencia teórica, práctica, titorías grupais e traballo autónomo do estudiantado, exames</p>	<p>253 estudantes</p>
DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN	Aula	
Aula Alejandro Fernández Barreiro	<p>A capacidade da aula é de 253 estudantes.</p> <p>Mesas e cadeiras individuais. Conta con encerado fixo e encerado móbil.</p> <p>Dous ordenadores, altofalantes, dous proxectores.</p> <p>Mesa e cadeira para o profesorado, atril.</p> <p>A aula está dotada coa tecnoloxía necesaria para impartir docencia por vía telemática, ben cun modelo puro ou mixto (con asistentes na aula física e en remoto).</p> <p>Papeleira, paraugueiro, colgadores para abrigos.</p>	

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA- APRENDIZAXE NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA		
AULA – AULA ARANZADI		

DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
<p>Espazo dotado de medios docentes. Dispón de postos de traballo individuais</p>	<p>Aula para a docencia teórica, práctica, titorías grupais e traballo autónomo do estudiantado, exames</p>	<p>20 estudantes (20 postos con computador)</p>
DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN	Aula	
Aula Aranzadi	<p>Aula con capacidade para 20 estudantes, con todos os postos dotados de computador. Mesas e cadeiras individuais. Conta con encerado móbil. Ordenador, altofalantes, proxector. Mesa e cadeira para o profesorado. A aula está dotada coa tecnoloxía necesaria para impartir docencia por vía telemática, ben cun modelo puro ou mixto (con asistentes na aula física e en remoto). Papeleira, paraugueiro, colgadores para abrigos.</p>	

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA		
AULA – TIPO PARA DOCENCIA TEÓRICA E PRÁCTICA		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
<p>Espazo dotado de medios docentes. Dispón de postos de traballo individuais</p>	<p>Aula para a docencia teórica, práctica, titorías grupais e traballo autónomo do estudiantado, exames</p>	<p>Entre 20 e 30 estudantes</p>
DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN	Aulas	
Aulas 10, 11, 12, 12B, 13, 13B, 14, 15	<p>A capacidade respectiva é: 20, 20, 25, 30, 25, 30, 25, 24. Aulas de pequenas dimensións para o traballo con grupo de tamaño reducido. Mesas e cadeiras individuais. Contan con encerado fixo. Ordenador, altofalantes, proxector. Mesa e cadeira para o profesorado. Aulas dotadas coa tecnoloxía necesaria para impartir docencia por vía telemática, ben cun modelo puro ou mixto (con asistentes na aula física e en remoto). Papeleira, paraugueiro, colgadores para abrigos.</p>	

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA		
AULA – TIPO PARA DOCENCIA TEÓRICA E PRÁCTICA		

DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
<p>Espazo dotado de medios docentes. Dispón de postos de traballo individuais</p>	<p>Aula para a docencia teórica, práctica, titorías grupais e traballo autónomo do estudiantado, exames. Aulas especialmente empregadas para a docencia de máster</p>	<p>Entre 26 e 40 estudantes</p>
DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN	Aulas	
Aulas 16, 17, 18	<p>A capacidade respectiva é de 40, 26 e 34 postos. Mesas e cadeiras individuais. Contan con encerado fixo e encerado móbil. Ordenador, altofalantes, proxector. Mesa e cadeira para o profesorado, atril. Aulas dotadas coa tecnoloxía necesaria para impartir docencia por vía telemática, ben cun modelo puro ou mixto (con asistentes na aula física e en remoto). Papeleira, paraugueiro, colgadores para abrigos.</p>	

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA		
AULA – SALA DE PROFESORES		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
<p>Espazo dotado de medios docentes</p>	<p>Reunións de profesorado, comisións delegadas da Xunta de Centro, actos e recepcións institucionais, seminarios</p>	<p>26 postos</p>
DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN	Aula	
Sala de Profesores	<p>A aula ten unha capacidade para 26 postos O espazo está ocupado por unha mesa central ao redor da que se dispoñen as cadeiras. Conta con ordenador, altofalantes, proxector, cámara e pantalla de proxección. A aula está dotada coa tecnoloxía necesaria para impartir docencia por vía telemática, ben cun modelo puro ou mixto (con asistentes na aula física e en remoto). Papeleira, paraugueiro, colgadores para abrigos.</p>	

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA		
AULA – SALA DE VISTAS		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE

<p>Espazo dotado de medios docentes. Dispón de postos de traballo individuais</p>	<p>Aula para a docencia teórica, práctica, titorías grupais e traballo autónomo do estudiantado. Exames. Defensa de TFG, TFM e Teses de Doutoramento. Desenvolvemento de congresos, conferencias, cursos, actos institucionais</p>	<p>68 estudantes</p>
<p>DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN</p>	<p>Aula</p>	
<p>Sala de Vistas</p>	<p>A aula ten capacidade para 68 estudantes. Ten unha disposición que recrea con precisión a estrutura dunha sala de vistas dun xulgado. Cadeiras continuas. Conta con encerado móbil. Ordenador, altofalantes, proxector. Mesas e cadeiras para o profesorado. A aula está dotada coa tecnoloxía necesaria para impartir docencia por vía telemática, ben cun modelo puro ou mixto (con asistentes na aula física e en remoto). Papeleira, paraugueiro, colgadores para abrigos.</p>	

<p>TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA</p>		
<p>AULA – SALÓN DE ACTOS</p>		
<p>DESCRIPCIÓN XENÉRICA</p>	<p>USO HABITUAL</p>	<p>CAPACIDADE</p>
<p>Espazo dotado de medios docentes. Dispón de postos de traballo individuais</p>	<p>Aula para a docencia teórica, práctica. Exames. Desenvolvemento de congresos, conferencias, cursos, actos institucionais</p>	<p>366 estudantes</p>
<p>DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN</p>	<p>Aula</p>	
<p>Salón de Actos</p>	<p>A aula ten capacidade para 366 estudantes. Cadeiras continuas, con mesas pregábeis. Ordenador, altofalantes, proxector e pantalla de proxección. Mesas e cadeiras para o profesorado. A aula está dotada coa tecnoloxía necesaria para impartir docencia por vía telemática, ben cun modelo puro ou mixto (con asistentes na aula física e en remoto). Papeleira, paraugueiro, colgadores para abrigos.</p>	

<p>TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA</p>		
<p>AULA – SALÓN DE GRAOS</p>		

DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
<p>Espazo dotado de medios docentes. Dispón de postos de traballo individuais</p>	<p>Aula para a docencia teórica, práctica, titorías grupais e traballo autónomo do estudiantado. Exames. Defensa de TFG, TFM e Teses de Doutoramento. Desenvolvemento de congresos, conferencias, cursos, actos institucionais, Xuntas de Centro</p>	100 estudantes
DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN	Aula	
Salón de Graos	<p>A aula ten capacidade para 100 estudantes. Cadeiras individuais. Ordenador, altofalantes, proxector e pantalla de proxección. Mesas e cadeiras para o profesorado, atril. Papeleira, paraugueiro, colgadores para abrigos.</p>	

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA		
AULA – AULA NET		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
<p>Espazo con postos de traballo individuais</p>	<p>Aula para titorías grupais e traballo autónomo do estudiantado, exames</p>	<p>20 estudantes (20 postos con computadores)</p>
DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN	Aula	
Aula Net	<p>Espazo que dispón de 20 postos para o estudiantado, todos eles dotados con computador. Mesas e cadeiras individuais. Ordenador, altofalantes, cámara. Papeleira, paraugueiro, colgadores para abrigos.</p>	

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE NA UNIVERSIDADE DE VIGO		
AULA – TIPO PARA DOCENCIA TEÓRICA E PRÁCTICA		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
<p>Espazo dotado de medios docentes. Dispón de postos de traballo individuais</p>	<p>Aula para a docencia teórica, práctica, titorías grupais e traballo autónomo do estudiantado, exames</p>	<p>Entre 66 e 120 estudantes</p>
DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN	Aulas	

Aulas 1.1, 1.2, 1.4, 1.5, 2.1, 2.2, 2.3, 2.4, 2.5	<p>A capacidade respectiva é a seguinte: 110, 96, 120, 120, 100, 102, 66, 120, 97.</p> <p>Son todas elas aulas en grada. Os mesados son continuos e as cadeiras individuais.</p> <p>Contan con encerado fixo e encerado móbil.</p> <p>Contan con encerado dixital.</p> <p>Ordenador, altofalantes, cámara, proxector.</p> <p>Mesa e cadeira para o profesorado, atril.</p> <p>Están dotadas coa tecnoloxía necesaria para impartir docencia por vía telemática, ben cun modelo puro (100% de asistencia por vía telemática) ou mixto (con asistentes na aula física e en remoto).</p> <p>Papeleira, paraugueiro, colgadores para abrigos.</p>
--	---

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE NA UNIVERSIDADE DE VIGO		
AULA – TIPO PARA DOCENCIA TEÓRICA E PRÁCTICA		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
<p>Espazo dotado de medios docentes.</p> <p>Dispón de postos de traballo individuais</p>	<p>Aula para a docencia teórica, práctica, titorías grupais e traballo autónomo do estudantado, exames</p>	<p>70 estudantes (34 postos con computador)</p>
DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN		Aula
Aula 1.3	<p>A aula ten unha capacidade para 70 alumnos/as. Deses 70 postos, 34 dispoñen de ordenador sobremesa.</p> <p>Aula en grada. Os mesados son continuos e as cadeiras individuais.</p> <p>Conta con encerado fixo e encerado móbil.</p> <p>Conta con encerado dixital.</p> <p>Ordenador, altofalantes, cámara, proxector.</p> <p>Mesa e cadeira para o profesorado, atril.</p> <p>Están dotadas coa tecnoloxía necesaria para impartir docencia por vía telemática, ben cun modelo puro (100% de asistencia por vía telemática) ou mixto (con asistentes na aula física e en remoto).</p> <p>Papeleira, paraugueiro, colgadores para abrigos.</p>	

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE NA UNIVERSIDADE DE VIGO		
AULA – TIPO PARA DOCENCIA TEÓRICA E PRÁCTICA		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE

<p>Espazo dotado de medios docentes. Dispón de postos de traballo individuais</p>	<p>Aula para a docencia teórica, práctica, titorías grupais e traballo autónomo do estudiantado, exames</p>	<p>24 estudantes</p>
<p>DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN</p>		<p>Aulas</p>
<p>Aulas 1A, 1B e 1C</p>		<p>A capacidade de cada unha destas aulas é de estudantes. Son todas elas aulas en grada. Os mesados son continuos e as cadeiras individuais. Contan con encerado fixo e encerado móbil. Contan con encerado dixital. Ordenador, altofalantes, cámara, proxector. Mesa e cadeira para o profesorado, atril. Están dotadas coa tecnoloxía necesaria para impartir docencia por vía telemática, ben cun modelo puro (100% de asistencia por vía telemática) ou mixto (con asistentes na aula física e en remoto). Papeleira, paraugueiro, colgadores para abrigos.</p>

<p>TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE NA UNIVERSIDADE DE VIGO</p>		
<p>AULA – AULAS COMPARTIDAS INFORMATIZADAS</p>		
<p>DESCRIPCIÓN XENÉRICA</p>	<p>USO HABITUAL</p>	<p>CAPACIDADE</p>
<p>Espazo dotado de medios docentes. Dispón de postos de traballo individuais</p>	<p>Aula para a docencia teórica, práctica, titorías grupais e traballo autónomo do estudiantado, exames</p>	<p>24 estudantes (24 postos con computador)</p>
<p>DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN</p>		<p>Aulas</p>
<p>Aulas 1D, 1E</p>		<p>A capacidade de cada aula é de 24 estudantes. Todos os postos dispoñen de computador de sobremesa. Son todas elas aulas en grada. Os mesados son continuos e as cadeiras individuais. Contan con encerado fixa e encerado móbil. Contan con encerado dixital. Ordenador, altofalantes, cámara, proxector. Mesa e cadeira para o profesorado, atril. Están dotadas coa tecnoloxía necesaria para impartir docencia por vía telemática, ben cun modelo puro (100% de asistencia por vía telemática) ou mixto (con asistentes na aula física e en remoto). Papeleira, paraugueiro, colgadores para abrigos.</p>

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA- APRENDIZAXE NA UNIVERSIDADE DE VIGO		
AULA – LABORATORIOS DE INFORMÁTICA		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
Espazo dotado de medios docentes. Dispón de postos de traballo individuais	Aula para a docencia teórica, práctica, titorías grupais e traballo autónomo do estudiantado, exames	25 estudantes (15 postos con computadores)
DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN	Laboratorios	
Laboratorios de informática 0.2, 0.3	<p>Ámbolos dous laboratorios dispoñen de 25 postos, dos cales 15 están dotados con computador.</p> <p>Son todas elas aulas en grada. Os mesados son continuos e as cadeiras individuais.</p> <p>Contan con encerado dixital.</p> <p>Ordenador, altofalantes, cámara, proxector.</p> <p>Mesa e cadeira para o profesorado, atril.</p> <p>Papeleira, paraugreiro, colgadores para abrigos.</p>	

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA- APRENDIZAXE NA UNIVERSIDADE DE VIGO		
AULA – SEMINARIOS		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
Espazo dotado de medios docentes. Dispón de postos de traballo individuais	Aula para a docencia teórica, práctica, titorías grupais e traballo autónomo do estudiantado. Desenvolvemento de seminarios académicos, reunións científicas, talleres	Entre 12 e 30 estudantes
DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN	Aulas	
Aulas de seminario 0.1, 3.2, 4.2, 5.1, 5.2	<p>Teñen unha capacidade respectiva de 15-20, 15-20, 12, 30, 12 estudantes.</p> <p>Teñen cadeiras individuais, con mesado integrado. Trátase xa que logo de mesas e cadeiras móbiles.</p> <p>Catro delas contan con computador para o posto do profesorado, ademais de proxector.</p> <p>Unha delas, non.</p>	

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA- APRENDIZAXE NA UNIVERSIDADE DE VIGO		
AULA – SALA DE VIDEOCONFERENCIA		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE

<p>Espazo dotado de medios docentes. Dispón de postos de traballo individuais</p>	<p>Aula para a docencia teórica, práctica, titorías grupais e traballo autónomo do estudiantado. Exames. Desenvolvemento de seminarios académicos, reunións científicas, talleres, consellos de departamento, xuntas de titulación</p>	<p>40 estudantes</p>
<p>DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN</p>	<p>Aulas</p>	
<p>Aulas de Sala de videoconferencia</p>	<p>A aula ten unha capacidade para 40 estudantes. Os mesados son continuos e as cadeiras individuais. Conta con encerado fixo e encerado móbil. Ordenador, altofalantes, cámara, proxector. Mesa e cadeira para o profesorado, atril. Están dotadas coa tecnoloxía necesaria para impartir docencia por vía telemática, ben cun modelo puro (100% de asistencia por vía telemática) ou mixto (con asistentes na aula física e en remoto). Papeleira, paraugueiro, colgadores para abrigos.</p>	

<p>TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE NA UNIVERSIDADE DE VIGO</p>		
<p>AULA – MAGNA</p>		
<p>DESCRIPCIÓN XENÉRICA</p>	<p>USO HABITUAL</p>	<p>CAPACIDADE</p>
<p>Espazo dotado de medios docentes. Dispón de postos de traballo individuais</p>	<p>Aula para a docencia teórica, práctica, titorías grupais e traballo autónomo do estudiantado. Exames. Desenvolvemento de congresos, conferencias, cursos, actos institucionais. Celebración de concursos de prazas de profesorado</p>	<p>204 estudantes</p>
<p>DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN</p>	<p>Aula</p>	
<p>Aula Magna</p>	<p>A aula ten unha capacidade para 204 estudantes. Dispónse en grada. Os mesados son continuos e as cadeiras individuais. Conta con encerado móbil. Ordenador, altofalantes, proxector. Mesas e cadeiras para o profesorado, atril. Papeleira, paraugueiro, colgadores para abrigos.</p>	

<p>TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE NA UNIVERSIDADE DE VIGO</p>		
<p>AULA – SALÓN DE GRAOS</p>		
<p>DESCRIPCIÓN XENÉRICA</p>	<p>USO HABITUAL</p>	<p>CAPACIDADE</p>

<p>Espazo dotado de medios docentes. Dispón de postos de traballo individuais</p>	<p>Aula para a docencia teórica, práctica, titorías grupais e traballo autónomo do estudiantado. Exames. Defensa de TFG, TFM e Teses de Doutoramento. Desenvolvemento de congresos, conferencias, cursos, actos institucionais, Xuntas de Centro</p>	<p>107 estudantes</p>
DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN		Aula
Aulas de Salón de Graos	<p>A aula ten unha capacidade para 107 estudantes. Disponse en grada. Cadeiras individuais. Dispoñen de mesa pregable. Conta con encerado móbil. Ordenador, altofalantes, proxector. Mesas e cadeiras para o profesorado, atril. Papeleira, paraugueiro, colgadores para abrigos.</p>	

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE NA UNIVERSIDADE DE VIGO		
AULA – SALA DE XUNTAS DO DECANATO		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
<p>Espazo dotado de medios docentes.</p>	<p>Reunións do equipo decanal, comisións delegadas da Xunta de Centro, actos e recepcións institucionais, seminarios</p>	<p>15 postos</p>
DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN		Aula
Aulas de Sala de Xuntas do Decanato	<p>A aula ten unha capacidade para 15 postos O espazo está ocupado por unha mesa central ao redor da que se dispoñen as cadeiras. Conta con encerado móbil. Ordenador, altofalantes, proxector, cámara. Papeleira, paraugueiro, colgadores para abrigos.</p>	

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE NA UNIVERSIDADE DE VIGO		
AULA – DE ESTUDO		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
<p>Espazo aberto no que se dispoñen mesas e cadeiras móbiles</p>	<p>Estudo individual ou en grupo</p>	<p>140 estudantes</p>
DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN		Aula

Aulas de Estudio	<p>A aula ten unha capacidade para 140 estudantes.</p> <p>O espazo está ocupado por mesas e cadeiras móbiles, que poden ser obxecto de redistribución en función das necesidades de uso.</p> <p>Papeleira, paraugueiro, colgadores para abrigos.</p>
-------------------------	--

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE NA UNIVERSIDADE DE VIGO		
AULA – ZONA DE LIBRE ACCESO		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
Espazo aberto no que se dispoñen mesas e cadeiras móbiles	Estudo individual ou en grupo	70 estudantes (38 postos con computadores)
DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN	Aulas	
Aulas Libre acceso	<p>A aula ten unha capacidade para 70 estudantes, con 38 computadores de sobremesa.</p> <p>O espazo está ocupado por mesas e cadeiras móbiles, que poden ser obxecto de redistribución en función das necesidades de uso.</p> <p>Papeleira, paraugueiro, colgadores para abrigos.</p>	

2.2 Novos espazos necesarios

Atendendo ás características do MUCrim e aos recursos e infraestruturas con que contan as dúas facultades promotoras, non son necesarios novos espazos ou infraestruturas. Ambos centros teñen xa varias titulacións implantadas na actualidade: un grao, un dobre grao, un grao plurilíngüe e dous mestrados no caso da Facultade de Dereito da UDC; un grao, un dobre grao e un mestrado no caso da Facultade de Dereito da UVigo-Ourense. Sen embargo, o máster oficial a implantar é unha titulación dun tamaño moderado que, ademais, é conxunta e compártese entre dúas universidades. Xa que logo, os recursos e infraestruturas cos que se conta na actualidade en ambos centros –referidos na presente memoria- garanten que non deban facer investimentos adicionais para a posta en marcha do MUCrim.

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA – TIPO XX		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
		Entre NN y NN alumnos/as

DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN	
Aula de	
Laboratorio	

2.3 Novos equipamentos necesarios

Cabe sinalar o mesmo do xa referido no apartado anterior. Tendo en conta as características do MUCrim e os equipamentos de que dispoñen ambos centros promotores, non hai motivo para albiscar a necesidade de adquisición de equipamentos adicionais.

NOVO EQUIPAMENTO		
DENOMINACIÓN E NÚMERO DE UNIDADES	DESCRIPCIÓN XENÉRICA	CUSTE APROXIMADO